

## Comisións de servizo para postos de escolarización de alumnado de atención preferente.

A **CIG-Ensino** considera que esta orde, a máis de ser un parche pola súa concepción, chega sen a información necesaria para saber se as prazas que se convocan son as necesarias e suficientes, e claro está sen o tempo mínimo para poder facer un bo traballo sobre as mesmas.

Aínda con esta falta de tempo desde a **CIG Ensino detectamos os seguintes erros e omisións no anexo presentado:**

**No posto 1511, IES Maruxa Mallo.** A praza ten que aparecer como “requisito o coñecemento, configuración e funcionamento do intercomunicador NuVoice ou similar”.

[Aceptado pola administración.](#)

**No posto 1512, CEIP A Magdalena.** Retirar o coñecemento de Braille.

**No posto 2705, CEIP Plurilingüe Monforte de Lemos** modificar discapacidade sensorial (5) por hipoacusia (4).

**No posto 3204, CEIP Manuel Respino (A Rúa - Ourense).** O centro pide un PT.

**No posto 3604, CEIP Santo Paoi de Abaixo (Redondela - Pontevedra).** Modificar pluridiscapacidade por Hipoacusia e substituír PT por AL con linguaxe de signos.

**No posto 3605, CEIP Plurilingüe da Igrexa-Chapela.** Modificar de pluridiscapacidade a transtorno do espectro autista.

**E faltan no anexo centros como os seguintes:**

**CEIP de Teixeira.** Precisan un PT e un AL. [Xa recollida pola administración a dotación dunha praza de PT a última hora.](#)

**CEIP Manuel Masdías de Caranza - Ferrol.** 1 PT. [Xa recollida pola administración a última hora.](#)

**CEIP Escultor Acuña (Vigo):** precisan 1 AL con linguaxe de signos.

**IES Perdouro (Burela - Lugo):** precisan tamén un AL.

**CEIP Rodríguez Sinde (A Guarda):** precisan 1 PT.

**CPI de Padrenda:** solicitan un PT.

**CEIP Otero Novas de Cortegada:** necesitan 1 PT.

**CEIP do Corgo:** precisan 1 PT.

**CEIP Luis Pimentel de Lugo:** precisan 1 AL.

Desde a **CIG-Ensino** volvemos esixir que se expliquen os criterios empregados para decidir en que centros se convocan prazas e cales.

**Propostas da CIG-Ensino ao baremo:**

- Consideramos que, igual que se ten en conta a formación, tamén se deberían incluír publicacións relacionadas coa especialidade.
- Que se muden os criterios de desempate, aplicándoos na mesma orde en que figuran no baremo.

**Prazos:**

Aledámonos que se rectifique o que solicitamos o ano pasado e non se concedeu, que se manteña o prazo de reclamación de 5 días hábiles.

Desde a **CIG-Ensino** manifestamos a nosa preocupación polo uso que se pode estar a facer desta orde, e seguimos a pensar que a solución e dotar aos centros de maior número de profesorado definitivo, tanto de PT, como de AL, así como aumentar significativamente o número de coidadoras e coidadores, por non falar de que non existan fisioterapeutas, que si subvencionada para o ensino concertado.

Rematamos aledándonos de que esta orde volva un ano despois, tal e como esiximos o ano pasado, e esperamos que se manteña así, ao menos até que as necesidades reais dos centros en canto as NEAE queden cubertas polo CXT.

A administración aclara que **a convocatoria é para centros que non son de atención preferente, despois de nós esixir que llo fagan saber ás inspeccións.** Solicítanos que lle enviemos as prazas que pensamos que se teñen que incorporar para avalialas.

Van analizar a situación dos centros de Educación Especial, nomeadamente o CEE Príncipe Felipe, aínda que son centros aos que se lles deba aplicar esta orde.

Van recoller a diferenciación entre formación recibida e impartida e non ven posíbel diferenciar a puntuación da formación segundo os temas e as prazas ás que se dirixa.